

Benquerido/a amigo/a:

Por primeira vez, a Universidade da Coruña, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, organiza o I *Curso de verán de Lingua e Cultura Galegas para estranxeiros*.

Esperamos poder enviar información máis detallada en poucos días; con todo, non quixemos deixar pasar máis tempo sen enviarmos este anuncio a todas aquelas entidades e institucións (asociacións, centros de estudos galegos...) onde se imparten aulas da nosa lingua para que, se for posíbel, se dea a máxima difusión a esta convocatoria.

O curso terá unha duración de **80 horas lectivas** e desenvolverase ao longo do mes de xullo (do 2 ao 27), na Facultade de Filoloxía da Coruña. Este ano ofertaremos só o nivel elemental, isto é, o de iniciación á lingua galega, se ben nos próximos anos ampliaremos a oferta aos niveis superiores.

O **importe da matrícula** será de 200 euros, prezo en que irá incluído o material didáctico, os gastos das actividades complementares de carácter cultural e mais o diploma.

Ao mesmo tempo, a Universidade da Coruña ofertará varias **bolsas** de estadía, por un importe de 400 euros (cantidade suficiente para aboar o custo da estadía durante o período de duración do curso). As persoas que obtiveren a bolsa estarán exentas do pagamento dos gastos de matrícula. Para solicitaren esas axudas, os/as candidatos/as deberán enviar á secretaria do Curso unha carta de presentación dun/ha profesor/a da Universidade (ou da entidade ou asociación) onde cursa os seus estudos, así como aqueloutros datos que foren considerados de interese.

En poucos días enviaremos cumprida información sobre o Curso. Entre tanto, fico ao seu dispor para as aclaracións pertinentes.

Un cordial saúdo de

Carme Fernández Pérez-Sanjulián

Coordenadora do I *Curso de verán de Lingua e Cultura Galegas para estranxeiros da UDC*

Campus da Zapateira, s/n - A Coruña (15071)

Tfno. 981-167000 (ext. 1739)

Fax: 981-167151

e-mail: carme@udc.es